

## NOTA DE PRENSA

# “A saúde é o que importa” preséntase como un ciclo que busca difundir entre a sociedade o valor terapéutico das augas mineromedicinais

A primeira xornada, que se celebrará a vindeira semana, abordará os beneficios da balneoterapia para tratar as patoloxías vencelladas ao aparato locomotor

É unha iniciativa da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia, en colaboración coa Fundación Araganey

---

*Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2019 (Vía Láctea Comunicación).*- Baixo o título “A saúde é o que importa”, a Cátedra de Hidroloxía Médica Universidade de Santiago-Balnearios de Galicia promove un ciclo destinado a difundir entre a sociedade o valor terapéutico das augas mineromedicinais. Esta iniciativa conta coa colaboración da Fundación Araganey.

A primeira sesión terá lugar a vindeira semana, o xoves 21 de febreiro. Celebrarase en Santiago, no salón Olivo do Hotel Araganey, a partir das 19:30 horas, con entrada libre ata completar aforo. Comezará cunha mesa redonda na que se abordarán os beneficios da balneoterapia nas patoloxías vencelladas ao aparato locomotor, que son precisamente unha das patoloxías para as que están especialmente indicadas as augas mineromedicinais.

Como moderador desta mesa redonda actuará o director da Cátedra, o doutor **Juan Gestal**. Nela intervirán os doutores **José Ramón Caeiro Rey**, xefe do Servizo de Traumatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS); **Antonio Mera Varela**, xefe do Servizo de Reumatoloxía do CHUS; e **Jesús Figueroa Rodríguez**, xefe do Servizo de Rehabilitación do CHUS. Estes expertos manterán ademais un coloquio sobre este tema co público asistente.

No transcurso desta xornada proxectarase o documental “*A balneoterapia na patoloxía músculo-esquelética*”, realizado no marco da Cátedra de Hidroloxía Médica co propósito de divulgar os beneficios dos tratamentos termiais de xeito didáctico. Este vídeo estreouse na derradeira edición da Feira Termatalia, que se celebrou o pasado mes de setembro en Brasil, e agora preséntase por primeira vez na nosa comunidade.

O doutor **Gestal** sinala que “o obxectivo principal deste ciclo é dar a coñecer entre o conxunto da poboación as indicacións médicas que a balneoterapia ten na actualidade, coa participación de especialistas sanitarios de recoñecido prestixio”. E salienta que esta actividade vén a complementar ao *Vademécum de augas mineromedicinais de Galicia*, que se distribuíu entre os médicos de Atención Primaria e que reúne as indicacións terapéuticas das diferentes augas dos balnearios galegos.

“Hoxe en día estase a volver de novo ao uso da balneoterapia como tratamento exclusivo ou coadjuvante doutros tratamentos médicos. Isto débese en boa medida ao envellecemento da poboación, que fai que as doenzas crónicas sexan cada vez máis frecuentes” -manifesta o doutor **Gestal**-.